

Xacemento Outeiro Redondo/ Outeiro do Castro

010192

Datos de Localización

Petroglifo

Nomenclator:	3200507
Coord. UTM:	X: 605909 Y: 4642036
Concello:	Baltar
Parroquia:	VILAMAIOR DA BOULLOSA
Lugar:	Montecelo
Tipoloxía:	Representacións Rupestres
Tipo:	Petroglifos
Subtipo:	Petroglifo



Denominación: Xacemento Outeiro Redondo/ Outeiro do Castro

Etapa Histórica: Idade Media

Estilo relevante Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

Partindo da Capela da Asunción, na saída de Baltar, coller a pista de terra que leva cara as zonas de aterraxe e despeque de parapante. O xacemento atópase indicado mediante unha serie de sinalizacións en madeiras que poñen "Petroglifos". Na actualidade esta ruta de senderismo non se atopa moi limpa, xa que a maleza cubriuna.

Emprázase nun pequeno outeiro pertencente á ladeira da Serra do Larouco, caendo en dirección NW cara o val do río da Rousía e Baltar.

Na derradeira revisión de campo, na superficie delimitada atópanse unha serie de afloramentos graníticos cunha serie de gravados, probablemente pertencentes a épocas históricas diversas. Os máis representativos son coviñas, ferraduras, liñas verticais. Tamén aparecen as iniciais C e R. Tanto os seus accesos coma parte das rochas atópanse cubertas pola maleza dificultando a súa total visión.

Na ficha da Xunta recolle a existencia dun motivo moi repetitivo, unha figura formada por 6 cadrados dispostos 4 na base e 2 por riba, rematados por unha cruz (unha figura similar, formada por tres cadrados abaixo e dous arriba, sen cruz, aparece na labra heráldica dunha vivenda de Garabelos). Tamén hai unha cruz latina sobre un pedestal semicircular (esta representación repítese de forma insistente nos dinteis e xambas dos muíños desta zona: Garabelos, Niñodaguía...) acompañada da cifra 1900, así como dúas iniciais (F P), acompañadas igualmente da data 1900.

A parte da evidencia da data de 1900, o conxunto destes gravados debe considerarse como de época plenamente histórica, podendo arrincar da Idade Media. Poderían considerarse signos de demarcación territorial, posiblemente para delimitar terreos de pastoreo.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha de inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32005007.

BIBLIOGRAFÍA:

-RODRÍGUEZ COLMENERO, A. "Un gran conxunto de novos petroglifos no Outeiro Redondo, Baltar (Xinzo de Limia-Ourense)", en *Revista Larouco*, nº2, Edicións do Castro, 1996, pp. 279-281.

Características Construtivas**Plantas:****Edif. Anexas:****Mat. Fachada:****Mat. Estrutura:****Mat. Cuberta:****Elementos singulare****Construtivos:****Decorativos:****Delimitación do Ben e da contorna****Situación:** Outros**Area de Protección:** 200 m.**Protección****Tipo de ben:** BIC**Proposta de tipo de ben:****Estado de Tramitación:** Declarado**Nivel de Protección Arq.:** Integral**Proposta Nivel de Protección Arq.****Grao de Protección Arq.:** Grupo I**Proposta Grao de Protección Arq.****Xustificación da Protección:** É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo á Lei de 16 / 1985 do Patrimonio Histórico Español.**Titularidade****Polígono:****Parcela:****Conservación-Intervención****Estado de Conservació** Regular**Uso Actual:** Monte baixo**Alteracións Morfolóxicas****Tipo:** Morfolóxica**Data:****Descrición:** Por esta zona discorre o trazado da ruta de senderismo denominada "As faldas do Larouco,

feito que provocou que algúns afloramentos nos que se sitúan os gravados aparezcan con sinais da ruta.

Proxecto:

Axentes:

Observacións: A maleza cubre os gravados, dificultando a súa visión total.

Bens Mobles











